



CONCELLO DE BEGONTE

O Concello de Begonte, organiza o IV Concurso de Disfraces , co motivo da celebración da Festa do Entroido 2015, que terá lugar o vindeiro 21 de febreiro do 2015 no pavillón de Baamonde; as condicións detállanse a continuación:

“BASES DO IV CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS”

1ª PARTICIPANTES

O concurso está dirixido a tódolos públicos. Poderase participar individual ou en grupo. Quedando excluído individualmente o que participe en grupo e ao revés, é dicir, so se poderá participar nunha categoría.

Queda prohibida a utilización no concurso de elementos cortantes, fachas ou obxectos con lume e calquera artigo de pirotecnia.

2ª CATEGORÍAS

Categoría N@s individual/en parella. Poderán participar nesta categoría @s nen@s menores de 18 anos.

Categoría Adulto individual/ en parella. Poderán participar nesta categoría as persoas maiores de 18 anos.

Comparsas. Estarán encadradas nesta categoría o grupo de persoas integrado por un mínimo de cinco compoñentes, gardando coherencia e uniformidad os disfraces entre si

3ª LUGAR E PRAZOS DE INSCRICIÓN

Para poder participar no concurso deberán inscribirse no Concello de Begonte, de 9.00 a 14.00h, ou enviar o formulario da inscrición que se adxunta coas bases por correo: tasoc@concellodebegonte.es, neste caso a inscrición farase efectiva unha vez recibida a confirmación de inscrito. No caso das comparsas, nomearan a un representante para actuación perante o Concello.

O prazo de presentación da inscricións rematará o 19 de Febreiro do 2014 as 14.00h



CONCELLO DE BEGONTE

4ª MÉCANICA DO CONCURSO

O concurso terá lugar o sábado 21 de Febreiro do 2015 no interior do Pavillón Municipal de Baamonde.

De 16.00h a 16.15h na entrada do Pavillón municipal, farase entrega dun distintivo cun número, que se deberá levar durante o desfile, nun lugar ben visible durante todo o percorrido, para que o Xurado faiga a selección dos premiados.

O tempo no desfile será **limitado**, non podendo exceder **de 5 minutos** facilitando a música en CD no intre da recollida do distintivo co número na entrada do Pavillón.

As 16.36h comezará o desfile na seguinte orde:

1. Categoría nen@s individual / en parella.
2. Categoría Adultos individual / en parella.
3. Comparsas

5ª XURADO

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os disfraces e comparsas premiadas estará constituída por un representante da corporación municipal, un técnico deportivo ou en animación sociocultural e un representante alleo ao Concello.

O xurado á hora de valorar terá en conta os seguintes criterios :

- Elaboración na súa totalidade polos participantes ou parcialmente, así como o traballo que teñen, sendo penalizados os disfraces mercados.(1 a 4 puntos)
- Calidade artística e orixinalidade dos disfraces.(1-2 puntos)
- Nº de compoñentes do grupo e a variedade na idade dos mesmos.(1-2 puntos)
- A posta en escena.(1-2 puntos)

O xurado, constituído ao efecto, elixirá tres gañadores por cada categoría.O Xurado concederá se o considera oportuno algún accésit ou poderá deixar calquera dos premios desertos.

O fallo do xurado será inapelable, unha vez fallado o concurso farase público entre as 19.30-20.00h no Pavillón de Baamonde.



CONCELLO DE BEGONTE

6ª PREMIOS

Establecen os seguintes premios:

	INDIVIDUAL/EN PARELLA		COMPARSAS
	NEN@S	ADULTOS	COMPARSAS
1º PREMIO	80 €	100€	200€
2º PREMIO	60 €	70 €	120€
3º PREMIO	40 €	50 €	70€

Os gañadores daranse a coñecer o mesmo día do desfile, entre as 19.30- 20.00h no Pavillón de Baamonde. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese intre un vale do premio. Para facer efectivo este premio, deberán presentar os vales entre os días 23 de Febreiro e 2 de marzo, nas oficinas do Concello acompañado do DNI e certificación do nº da conta bancaria, na que posteriormente se efectuará o correspondente pago.

7ª ACEPTACIÓN DAS BASES

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases

Begonte, 22 de Xaneiro do 2015.

Alcalde, José Ulla Rocha



CONCELLO DE BEGONTE



FICHA DE INSCRICIÓN

“ CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS ”

NOME*

APELIDOS.....

NOME DO DISFRAZ/ COMPARSA.....

DNI.....

DOMICILIO.....

TELÉFONO.....

CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA

INDIVIDUAL / EN PARELLA NEN@S

INDIVIDUAL / EN PARELLA NEN@S

COMPARSAS

NÚMERO DE PARTICIPANTES(comparsas).....

CD CON MÚSICA SI NO

Begonte, a de de 2015

Sinatura do solicitante

*No caso de ser un menor, cumprimetará a ficha de inscrición o pai/ nai ou titor. As comparsas, deberán ter un portavoz, que será o encargado de cubrir o formulario cos seus datos.